

CURSOS GRATUITOS PARA DESEMPREGADOS.

Acción formativa: ***DepoApicultura***, apicultura sostible como fonte de emprego rural.

Destinado a persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego e consiste nunha formación teórico-práctica sobre apicultura moderna sostible para as e os interesados no sector.

Este programa comprende tamén a elaboración dunha base de datos coas persoas participantes destes cursos formativos da que poidan dispor as e os ofertantes de emprego relacionados co sector apícola; ademais da creación dunha rede que aglutine as e os axentes implicados no desenvolvemento rural desas zonas.

Obxectivos: capacitar o alumnado para a posta en marcha, mantemento e conservación dunha explotación apícola moderna, informando sobre as posibles orientacións produtivas, fomentando novas vías de xestión e comercialización, mediante o emprego de novas tecnoloxías.

Modalidades:

presencial (50 horas)

mixta (40 horas a distancia e 10 horas presenciais).

Podes obter máis información nos teléfonos 886 210 725 e 686 218 089 ou en depoapicultura@depo.es.